

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Xeografía e Historia 4º ESO	Curso / Ciclo	Curso 2023-24
-----------------------------	--	----------------------	--------------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- Introducción ao século da Razón: o Antigo Réxime e a Ilustración. Base ideolóxica e revolución política liberal burguesa (independencia en Estados Unidos, Revolución Francesa e Imperio Napoleónico).</p> <p>2.- As revolucións burguesas do século XIX en Europa: a involución coa Restauración absolutista e as vagas revolucionarias liberais do século XIX (independencias e procesos unificadores). O proceso de transformación da España contemporánea: aspectos políticos (da Constitución de 1812 á fin da Restauración), económicos e sociais. As novas expresións artísticas e culturais contemporáneas (Realismo, Impresionismo e Postimpresionismo).</p> <p>3.- Transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XVIII e XIX: revolucións agraria, demográfica, primeira e segunda revolucións industriais (causas, desenvolvemento, consecuencias e estudo crítico e comparativo). Consecuencias socioeconómicas (sociedade de clases, nacemento e evolución do movemento obreiro).</p>
2ª Avaliación	<p>4.- As relacións internacionais entre finais do século XIX e a primeira metade do XX: o Imperialismo (causas, desenvolvemento e consecuencias) e a Primeira Guerra Mundial. Conflitos e violencias da “Paz armada” á Primeira Guerra Mundial (causas, desenvolvemento, repercusións e estudo crítico e comparativo). Novas expresións artísticas e culturais contemporáneas (do expresionismo á abstracción). A vangarda europea na primeira metade do século XX (o Cubismo e o Surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos).</p> <p>5.- As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial e a época de entreguerras: da revolución rusa á aparición dos totalitarismos en Europa. A economía de entreguerras e o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco.</p>
3ª Avaliación	<p>6. Conflitos e violencias desde o período de entreguerras: a Segunda Guerra Mundial (causas, orixe, desenvolvemento, organización da paz, consecuencias e estudo crítico e comparativo). Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial (as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas).</p> <p>7. Os fundamentos xeoestratéxicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade (a política de bloques e a “guerra fría”, conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais) e o proceso de construción europea (integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do Estado do benestar en Europa. O futuro de Europa). O caso español: transición política e configuración do Estado democrático en España. Transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI (globalización, a era da internet, dimensión ética da ciencia e a tecnoloxía). Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo.</p>

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	80%	Probas escritas
Actividades	20%	Realización de distintos tipos de tarefas e/ou actividades, tanto na aula como na casa, seguindo as pautas e o prazo indicados pola docente

- Sempre que o **permita** a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación **dúas probas escritas** (1º e 2º Parcial). Ditas probas suporán o **80%** da cualificación e **poderán constar** de preguntas teóricas (definición de conceptos, identificación de personaxes históricos, preguntas curtas, desenvolvemento de temas históricos...) e cuestións de tipo máis práctico (localización sobre un mapa de determinados espazos, comentario guiado dun mapa, gráfico, texto histórico, imaxe,... elaboración de esquemas, cadros comparativos...).

- En cada Avaliación valorarase cun **20%** da nota o **traballo** realizado na **casa** (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o **traballo cotián na aula** (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas **actividades de investigación**, individuais ou en grupo, que deberán ser entregadas seguindo as **pautas** e o **prazo** indicados pola docente.

- **A falta de asistencia a un exame**, só se poderá xustificar mediante documentación oficial (informe médico, etc), desta maneira o/a alumno/a terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De NON existir o xustificante regulamentario o exame se cualificará con insuficiente cero.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) supoñerá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos.

Criterios de Cualificación:

- A valoración obtida mediante os instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**.

- Os alumnos e alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** que repasará os contidos de dita Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de apoio e reforzo** que lles facilitará a profesora. A **nota da recuperación** obterase calculando a media entre a nota inicial da Avaliación e a nota da Proba da recuperación.

- Tras rematar as probas da Terceira Avaliación calcularase a **media aritmética entre as tres Avaliacións parciais para obter a nota da Avaliación Final Ordinaria**. Os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior** terán superada a materia.

- **Deseñaranse actividades de reforzo para o alumnado** que teña unha **media inferior a 5**, que **poderá recuperar a materia tras superar as actividades propostas pola docente** (poderán ser probas escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación e a sesión de Avaliación Final Ordinaria**.